

Padrón Municipal**A cumprimentar polo Concello**

Concello de

| | |
|------------------|----------------|
| Provincia: | Distrito: |
| Concello: | Sección: |
| E.Colectiva: | Rueiro: |
| E.Singular: | Cod.Vía: |
| Núcleo/Espall.: | Cod.Pseudovía: |
| Tipo de vivenda: | Inscrición: |

IMPORTANTE: Antes de cumprimentar este impreso lea as instrucións ó dorso.

| | | | | | | | |
|------------------|----------|----|--------|--------|-----------|-------|-------|
| Rúa, praza, etc. | Nome vía | | | | | | |
| Número | Letra | Km | Bloque | Portal | Escaleira | Andar | Porta |

| Nº O R D E | Nome Apelido 1 Apelido 2 | S E X O (1) | NACIMIENTO: Data Concello(ou País). Provincia. País de Nacionalidade | Se é alta por traslado indique procedencia: | | Nivel de estudios terminados (1) | Documento de identidade (1) Número | Sinatura dos maiores de idade inscritos nesta folla. |
|------------------------|--------------------------------|-------------------------|----------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|--|-------------------------------------------|---------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|
| | | | | Concello(ou Consulado) Provincia(ou País) | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |
| | | | | | | | | |

Declaramos que as persoas relacionadas nesta folla residen no domicilio indicado e que os seus datos son correctos.

Información voluntaria

Autorizamos ós maiores de idade empadroados nesta folla para comunicar ó Concello as vindeiras variacións dos nosos datos e para obter certificacións ou volantes de empadramento. SI __ NON __ Teléfono:

| | | |
|-----------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|
| Número total de persoas inscritas nesta folla | (Para altas en inscricións existentes) Sinatura do Director do establecemento colectivo. | A cumprimentar polo Concello Data de recepción da folla |
|-----------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|

(1) Códigos ó dorso.

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES ESTABLECEMENTO COLECTIVO

NORMATIVA LEGAL

A Lei 4/1996, do 10 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co Padrón municipal, e o Real Decreto 2612/1996, do 20 de decembro, polo que se modifica o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo.

O Padrón é o rexistro que acredita a residencia e o enderezo dos veciños do municipio a tódolos efectos administrativos.

Toda persoa que viva en España está obrigada a inscribirse no Padrón do municipio onde reside habitualmente. Quen viva en máis dun municipio inscribírase no que resida durante máis tempo ó ano.

O veciño ten dereito a coñecer-la información que consta no Padrón sobre a súa persoa e a esixir-la súa rectificación cando sexa errónea ou incorrecta. Os datos que se fagan constar no anverso desta folla permitirán a actualización do Padrón do seu municipio.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRI-LA FOLLA

- Escriba con pluma ou bolígrafo e en letras maiúsculas. Indique con claridade tódolos datos que corresponden a cada unha das persoas que se inscriben na folla.
- Se se solicita a inscrición por traslado de residencia, indique no recadro correspondente o municipio e provincia de procedencia. Se procede do estranxeiro, indique o país e, se é o caso, o Consulado español onde estaba inscrito. No caso de traslado de domicilio dentro deste mesmo municipio indique neste recadro: MESMO MUNICIPIO.
- Se se trata da inscrición dunha persoa que non estivese empadroada con anterioridade en ningún municipio indique no recadro do municipio de procedencia: NINGÚN. Na mesma forma cubriráse este recadro para a inscrición de nenos acabados de nacer.
- Para a corrección e actualización dos datos que constan na súa inscrición padroal, risque o dato incorrecto e escriba o correcto no espazo ou recadro situado debaixo del.
- A folla cuberta debe ser asinada pola persoa que realiza o trámite, se o seu obxecto é a corrección ou actualización de datos. Cando se trate dunha nova folla de inscrición, asinarán tódolos maiores de idade que se inscriban. Se se incorporan novos habitantes a unha folla existente, ademais deberá asina-la autorización das novas inscricións o director do establecemento colectivo.
- Cubra o recadro "Número total de persoas inscritas nesta folla", para garanti-la inalterabilidade dos espazos que puidesen quedar en branco.
- Se ten algunha dúbida serálle resolta no momento de presenta-la folla no seu Concello.
- Utilizarase un cuestionario de vivendas colectivas para cada hotel, pensión, fonda, parador, casa de hóspedes, residencia, hostel, albergue e similares, así como para establecemento relixioso, militar, sanitario, penitenciario, etc., no que se atope, polo menos, unha persoa.
- Non obstante, se dentro destes establecementos colectivos existen vivendas de carácter familiar destinadas ó persoal directivo, administrativo ou de servizos, as persoas que na data de referencia se atopen nelas inscribíranse á parte nunha folla de vivenda familiar.

A presentación desta folla cuberta no seu Concello implica a súa conformidade para actualiza-lo Censo Electoral en consonancia cos datos reflectidos nela.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA REALIZA-LO EMPADROAMENTO

- Folla padroal cuberta e asinada.
- Documento que acredite a identidade das persoas inscritas (D.N.I., Tarxeta de estranxeiro, Pasaporte, etc. Libro de familia para os menores de 15 anos).
- Documento que acredite a ocupación da vivenda (escritura de propiedade, contrato de arrendamento, contrato ou recibo actual expedido pola Compañía subministradora de teléfono, auga, electricidade, etc.). Este documento non é necesario no caso de incorporación de novos habitantes a un grupo familiar xa empadroado).
- No caso de rectificación ou actualización de datos, documento acreditativo do dato correcto.

CÓDIGOS DE SEXO

H - Home
M - Muller

CÓDIGOS DE DOCUMENTO

DNI - Documento Nacional de Identidade
PAS - Pasaporte
TAR - Tarxeta Estranxeiros
SD - Sen documento

CÓDIGOS DE ESTUDIOS

11. Non sabe ler nin escribir
21. Sen estudos
22. Ensinanza primaria incompleta, cinco cursos de EXB, Certificado de escolaridade ou equivalente.
31. ESO, Bacharelato elemental, Graduado escolar, EXB completa, Primaria completa ou equivalente.
32. Formación Profesional primeiro grao. Oficialía industrial.
41. Formación Profesional segundo grao. Mestría industrial.
42. Bacharelato superior, BUP.
43. Outros titulados medios (Auxiliar de clínica, Secretariado, Programador informático, Auxiliar de voo, Diplomado en artes e oficios, etc.)
44. Diplomado de Escolas universitarias (Empresariais, Profesorado de EXB. , ATS e similares).
45. Arquitecto ou Enxeñeiro técnico.
46. Licenciado universitario, Arquitecto ou Enxeñeiro superior.
47. Titulados de estudos superiores non universitarios.
48. Doutorados e estudos de postgrao ou especialización para licenciados.

Advertencia para os ENCSARP

De conformidade co disposto no artigo 16.1, 2º parágrafo, da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a inscrición no Padrón Municipal dos extranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente deberá ser obxecto de renovación periódica cada dous anos. O transcurso do prazo reseñado será causa para acordar a caducidade da inscrición, sempre que o interesado non procedera á renovación.